

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) ten asinado un Convenio de colaboración coa Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo para a realización de prácticas dos estudantes da Licenciatura en Veterinaria, para ser imputadas como créditos por equivalencia de acordo co establecido no Título VII das Normas de Xestión Académica e co plano de estudos conducente á Licenciatura en Veterinaria, polo que cómpre proceder á convocatoria das prazas, que se rexerá polas normas seguintes:

PRIMEIRO.- CONVOCATORIA

1.1. **Obxecto das prácticas.-** As prácticas teñen por obxecto a integración dos estudantes no Plan Sanitario de Manexo dos animais abandonados residentes nas instalacións da Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo, baixo a titoría do profesional veterinario responsable da mesma.

1.2. **Número de prazas.-** Convócanse **12 prazas de prácticas** para estudantes da Licenciatura en Veterinaria, para realizar nas dependencias da **Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo**, nos seguintes períodos:

- **3 prazas** coincidindo co primeiro cuadrimestre do Curso Académico 2007/2008
- **3 prazas** coincidindo co segundo cuadrimestre do Curso Académico 2007/2008
- **6 prazas** nos meses de verán de 2008.

1.3. **Número de horas.-** Cada estudante realizará 9 ou 10 horas semanais, durante 2 ou 3 días por semana, ata completar un total de **120 horas**, de acordo coa distribución que determine o veterinario responsable da Sociedade Protectora de Animais e Plantas. Nos períodos de verán poderá establecerse un horario diferente.

1.4. **Créditos.-** Outorgaranse, por equivalencia, **4 créditos optativos** pola realización destas prácticas.

1.5. **Titores/as responsables.-** Por parte da Sociedade Protectora de Animais de Lugo exercerá como titor profesional o veterinario D. Jesús Rodríguez Fernández. Pola Universidade exercerá como titora docente a profesora D^a M^a Luísa Suárez Rey.

SEGUNDO.- SOLICITUDES

2.1. Poderán solicitar as prácticas os estudantes que cursen os estudos conducentes á Licenciatura en Veterinaria nesta Universidade.

2.2. As solicitudes presentaranse **entre o 3 e o 15 de outubro de 2007**, ambos inclusive, na Secretaría do Decanato da Facultade de Veterinaria, indicando os períodos nos que se solicita realizalas, por orde de preferencia.

TERCEIRO.- SELECCIÓN

3.1. Se o número de solicitudes é maior que as prazas convocadas, procederase a seleccionar aos estudantes, de acordo cos seguintes criterios:

1º.- Maior número de créditos superados. Non se computarán a estes efectos os créditos optativos e de libre elección superados a maiores dos establecidos no plan de estudos

2º.- Media simple do expediente, de acordo co regulado la Resolución Reitoral do 19 de abril de 2005. Esta valoración só se aplicará n o caso de igualdade no número de créditos superados.

3.2. Rematado o proceso selectivo, o Decanato da Facultade de Veterinaria fará pública, no taboleiro de anuncios, e polos demais medios que considere oportunos, a relación de estudantes admitidos e non admitidos, así coma os criterios seguidos, indicando os créditos computables superados, e de se-lo caso, as medias simples dos expedientes académicos. Contra dita relación os interesados poderán presentar reclamacións dentro dos 3 días hábiles seguintes ó da publicación.

3.3. Transcorrido o prazo de reclamación, publicarase a lista definitiva de estudantes admitidos, xunto coa estimación ou desestimación das reclamacións, e comunicarse á Unidade de Xestión Académica do Campus de Lugo para que se proceda á matrícula.

3.4. Os gastos de desprazamento ata as instalacións da Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo será por conta dos estudantes.

CUARTO.- MATRICULA

4.1. Os estudantes seleccionados deberán matricularse na Unidade de Xestión Académica do Campus de Lugo nos 5 días seguintes ó de recepción na Unidade da resolución definitiva de admitidos. Os estudantes que non se matriculen nese prazo decaerán no seu dereito e serán convocados os seguintes estudantes da lista de agarda, que terán que matricularse nos 3 días seguintes ó de publicación, no taboleiro da Facultade de Veterinaria e na Unidade de Xestión Académica do Campus de Lugo, da relación de convocados para matricularse.

4.2. Os estudantes que formalicen a matrícula deberán asinar un compromiso ético de confidencialidade que lles facilitará a entidade colaboradora e que quedará no seu poder.

QUINTO.- AVALIACIÓN E EFECTOS ACADÉMICOS DAS PRÁCTICAS

5.1. Cando remate o período de prácticas, cada un dos estudantes deberá realizar unha memoria final sobre o traballo desenvolvido.

A memoria terá dous apartados: o primeiro deles consiste nunha relación detallada das tarefas levadas a cabo na Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo e o segundo nunha disertación sobre un tema determinado en relación coa medicina de

refuxios e da protección e do benestar animal. O tema a tratar será asignado a cada estudante na reunión previa o comezo da actividade. A memoria deberá ser entregada en soporte papel o mais axiña posible despois do remate das actividades prácticas, e en todo caso con un mínimo de 10 días de antelación ao fixado oficialmente para o peche das actas de cada periodo.

5.2. A avaliación das prácticas realizaraa a profesora titora, á vista da memoria e do informe do titor de prácticas da entidade colaboradora. A acta cumprimentarase por cada período, coas mencións “apto” ou “non apto”, e figurará na primeira convocatoria ordinaria do curso académico 2007/2008

5.3. Se a falta de asistencia ás prácticas excede do 15% das horas programadas, na acta reflectirase a mención “non presentado”

5.4. A realización parcial das prácticas non dará dereito a recoñecemento de ningún crédito, figurando nas actas de exame como “non apto”.

Lugo, 1 de outubro de 2007

A Decana da Facultade de Veterinaria



Ana M^a Bravo del Moral

**PRACTICAS NA SOCIEDADE PROTECTORA DE ANIMAIS E
PRANTAS DE LUGO PARA RECOÑECEMENTO DE 4 CREDITOS
OPTATIVOS**

IMPRESO DE PREINSCRICIÓN

(a presentar na Secretaría do Decanato do 3 ó 15 de outubro de 2007)

D.N.I.:

Apelidos e nome:

Data de nacemento:.....

Teléfono de contacto:.....

E-mail:

Domicilio a efectos de notificacións:.....

.....

Quenda solicitada (poden solicitarse unha, dúas ou as tres quendas marcando a preferencia con 1, 2 e 3):

Primeiro cuadrimestre	<input type="checkbox"/>
Segundo cuadrimestre	<input type="checkbox"/>
Verán	<input type="checkbox"/>

*Datos a encher por parte da Facultade

Número de créditos aprobados:

Nota media do expediente:

Data e sinatura do solicitante.